



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

C.N.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

**ACTA NÚM. 05/2010 DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL DA
ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO DO DÍA 03 DE MAIO DE 2010.**

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás dezaseis horas do día tres de maio do ano douce mil dez, reúnense a Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Chenlo baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (PP), para celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (PP).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ (PP).
- D. PABLO NOVO GONZÁLEZ (BNG).

No asiste o vocal D. ÁNGEL IGLESIAS PEREIRA (PP), de quen a Presidencia xustifica a súa ausencia dicindo que é por motivos de traballo.

Tamén asiste o interventor da Entidade D. Miguel González López-Mosquera.

Actúa como Secretario Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos segundo a orde do día:

1. ACTA ANTERIOR N° 04/2010 DE DATA 01-03-2010

Non habéndose formulado observación algúnhha ás actas número 04/2010, de 1 de marzo de 2010 se considera aprobada por unanimidade.

2. DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA PEDANÍA.

Pola Presidencia dáse conta da relación sucinta, de data 7 de abril de 2010, de resolucións ditadas pola Alcaldía Pedanía de 2009 que quedaran pendentes de dar conta.

**3.- RATIFICACIÓN DE ESCRITOS DE ALCALDÍA RELATIVOS A
SOLICITUDE DE PROXECTOS DE CONCESIÓN DE EXPLOTACIÓN
LADEIRA N° 2912 E O MARCO 2846.**

Pola Presidencia le os escritos seguintes:

-Escrito da Alcaldía-Pedanía de data 03-03-2010 remitido a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, e reiterado a á Subdirectora Xeral de Recursos Minerais da devandita Consellería o día 23-04-2010, nos que, en base aos antecedentes, feitos e



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

consideracións legais que no mesmo constan, se solicita se declare nulo de pleno dereito o permiso de investigación LADEIRA Nº 2912 e por conseguinte tamén se declare nulo de pleno dereito o expediente de Proxecto de explotación, estudio de impacto ambiental e Plan de restauración do proxecto de pase a concesión derivada do permiso de investigación LADEIRA Nº 2912 solicitado por David Fernández Grande Investroc, S.L, por adolecer ambos de vicios esenciais que invalidan os mesmos e por haberse conculado nas súas tramitacións os principios e preceptos legais citados, procedéndose ó arquivo dos mesmos sen máis trámite.

-Escrito da Alcaldía-Pedanía de data 23-04-2010 remitido á Subdirectora Xeral de Recursos Minerais, a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, no que, en base aos antecedentes, feitos e fundamentos de dereito que no mesmo figuran, se solicita se declare nulo de pleno dereito o permiso de investigación "O MARCO Nº 2486, 2ª ALTERNATIVA" e por conseguinte tamén se declare nulo de pleno dereito o expediente de Proxecto de explotación, Estudio de impacto ambiental e Plan de restauración da solicitude de pase a concesión de explotación do permiso de investigación "O MARCO Nº 2486, 2ª ALTERNATIVA", solicitado por CABALEIRO NOGUEIRA, SL., por ter, ámbolos dous, vicios esenciais que invalidan os mesmos e por haberse conculado nas súas tramitacións os principios e preceptos legais citados, procedéndose ó arquivo dos mesmos sen máis trámite.

Seguidamente a Presidencia some a votación ordinaria a ratificación dos reseñados escritos sendo aprobada por unanimidade.

4.-CONTROL POLÍTICO DOS ÓRGANOS DO GOBERNO.

A) MOCIÓN.

O amparo do artigo 91.4 do R.O.F. sométense directamente a coñecemento desta Xunta Veciñal, a seguinte moción:

MOCIÓN SOBRE O PROXECTO DE EXPLOTACIÓN DA CANTEIRA "LADEIRA 2912".

O vocal do BNG, Sr. Novo González se le a moción epigrafiada rexistrada de entrada co nº 15 o día 26-04-2010, pola que somete a aprobación do pleno da Entidade Local de Chenlo as seguintes propostas:

1º Que o pleno desta corporación tome o acordo de que nos terreos propiedade da Entidade Local de Chenlo non se vai a conceder permiso de ocupación para a execución da canteira "LADEIRA 2912" nin se concederá ningún outro permiso de ocupación de terreos para proxecto de investigación ou proxecto de canteira, que esté en trámite ou se tramite no futuro nos terreos dos cales é a lexítima propietaria a Entidade Local de Chenlo.

2º Notificar este acordo á Consellería de Industria e Comercio, Consellería de Ordenación do Territorio, Infraestructuras, Medio Ambiente e ao Concello de O Porriño, a efectos de que se incorpore dito acordo ós expedientes que están en trámite.

Rematada a lectura o Presidente somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da moción quedando rexeitada, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 1 PABLO NOVO GONZÁLEZ (BNG).

VOTOS EN CONTRA: 3 MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ e DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ (PP).

B) ROGOS E PREGUNTAS.

Polo vocal do BNG, Sr. Novo González, le os seguintes rogos e preguntas que presenta por escrito:

-ROGOS:

1º. Se me entreguen os gastos de persoal e altos cargos de xaneiro a marzo do 2010.

2º. Se me entregue copia do expediente canteira “Ladeira 2912”.

-PREGUNTAS:

1ª. ¿A qué se debe este cambio de hora para os plenos?.

O Alcalde-Pedáneo contesta, teñío outros asuntos que atender. De boa gana querería que fora ás 8 da tarde pero non puido ser pois teñío hoxe reunións ás 6 da tarde.

2ª. A carretera que sube polos Eidos que enlaza a carretera do Saramagal coa do Tosal non se limpiaron las cunetas, ¿acaso os veciños de esa zona non son de Chenlo?.

O Alcalde-Pedáneo contesta, esa carretera é igual que todas. Eu querolle ós veciños igual a todos. A miña proposta e a miña lucha é que se empiche en 1º lugar.

3ª. ¿Qué xestións se están a facer para que as carreteras da Diputación terminen as obras que comenzaron de ensanchamento?



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

4ª. ¿A madeira destinada a leña sempre vai a parar as mesmas persoas na mayoría dos casos, incluso algúns tractores para Mosende. ¿Porqué non se regula dalgunha maneira?, como cobrar por ela e así evitaríamos favores a certas persoas.

O Alcalde-Pedáneo contesta, nunca se lle denegou a ningún veciño.

Non habendo na máis que facer constar, se estende a presente o Sr. Presidente levanta a sesión, cando son as dezasete horas e cincuenta minutos do día ut supra. Dou fe.



A large, handwritten signature in black ink, appearing to read "Chenlo". It is written in a cursive style with a long horizontal stroke extending to the right.